

# CONFERENCIAS 2017



## **“O XEOPORTAL E A INFRAESTRUTURA DE DATOS ESPACIAS (IDE) DO CONCELLO DE SANTIAGO”** **(30 de novembro de 2017)**

- PONENCIA DE (2) HORAS DE DURACIÓN
- CUSTO: DE VALDE
- DIRIXIDO A:
  - COLECTIVO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS
  - OUTROS COLECTIVOS PROFESIONAIS
  - INSTITUCIÓNS
  - EMPRESARIOS
  - SOCIEDADE EN XERAL

### **Imparte:**

**DIRECCIÓN DA ÁREA DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### **Horario:**

**Xoves 30 de novembro: 19:00 h a 21:00 h**

### **Lugar:**

**COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS DELEGACIÓN DE SANTIAGO**  
**Rúa Ramón Piñeiro, 11. Santiago de Compostela**

Recentemente, o Concello de Santiago a través da Área de Urbanismo dispuxo na súa web unha nova aplicación baixo o epígrafe "Xeoportel" --> ([Clica aquí](#)), co que pretende que, tanto institucións, profesionais como a cidadanía en xeral poidan visualizar a cartografía actual e mapas antigos dende o ano 1783, ortofotografía de distintos anos, catastro, redes de servizos, e outras capas temáticas de información xeográfica.

No que atinxe ao Urbanismo pódese consultar todo o Planeamento refundido de Santiago, e coñecer en detalle a cualificación urbanística dunha finca determinada, ou cal é a administración titular dun viario, entre outros.

O visor xeral permite acceder a un mapa base do Concello de Santiago, no que se poden activar distintas capas de información. Entre as súas utilidades máis salientables figura un xeolocalizador que foi elaborado polo propio Concello, e que polo tanto ofrece información máis exacta sobre o municipio que outros buscadores dispoñibles en internet.

O Concello de Santiago considera de interese para o Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais que os seus colexiados coñezan en detalle o funcionamento de este Xeoportel, motivo polo cal desde a Dirección da Área de Urbanismo de dita corporación municipal se amosara total dispoñibilidade para facer unha presentación do dito Xeoportel, a través do Xefe de Sección de Cartografía e SIT, D. ROGELIO CANEDO LAMELA, experto na materia, e cuxa presenza na nosa Sede xa tivo lugar en novembro de 2013 coa fantástica presentación do Programa "Urbanismo en Rede en Santiago de Compostela".

INSCRICIÓNS:

[santiago@coeticor.org](mailto:santiago@coeticor.org)

Organiza:



**Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña**  
Delegación de Santiago

Participa:



**CONCELLO DE SANTIAGO**